



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	<b>CELGA 3</b>
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





2023320001

# Celga



Certificado  
Lingua  
Galega

# 3



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C3-A-II-23





## Proba A1

---

A casa da cultura do seu municipio edita anualmente unha revista na que pode colaborar, sobre calquera tema, quen o desexe da veciñanza. Despois de ver un documental na televisión sobre a roupa e o comercio téxtil en Galicia, vostede decide publicar nela un **artigo** relativo a este tema. No texto, de **300 palabras**, deberá:

- Expresar a súa opinión sobre a importancia da roupa nas sociedades e na vida das persoas.
- Expoñer como foi evolucionando a confección téxtil e a súa comercialización en Galicia ao longo dos últimos 100 anos.
- Indicar algún feito ou circunstancia que, no momento presente, lles está a causar atrancos aos comercios tradicionais de venda de roupa.
- Propoñer algunha medida que lle pareza interesante para axudar as empresas do sector téxtil a mellorar as súas vendas.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response to the A1 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



## Proba A2

---

Vostede e mais unha amiga levan tempo pensando en crear un negocio en sociedade. Logo de ler as bases dunha convocatoria de axudas do Igape para a constitución de novas empresas, decide escribirlle unha **mensaxe electrónica**. No texto, de **300 palabras**, deberá:

- Comentarlle o interesante que poden resultar as axudas que acaba de publicar o Igape para a empresa que proxectan crear.
- Informala acerca dos puntos da convocatoria que lle parecen máis salientables.
- Suxerirlle a actividade á que lle gustaría dedicar a nova empresa e expoñerlle as razóns da súa escolla.
- Propoñerlle algunhas ideas para redactar a memoria do proxecto nunha próxima reunión.

### **Axudas para proxectos desenvolvidos por empresas de nova creación (Galicia Emprende 2021)**

Co obxectivo xeral de estimular e impulsar o tecido empresarial e de favorecer a creación de emprego en Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) desenvolve un sistema de axudas de ata 400 000 euros, destinado a proxectos de nova creación.

#### **Beneficiarios potenciais**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas empresas que expresen a intención de se constituíren nos vindeiros tres meses ou que teñan menos de 42 meses de antigüidade de alta de actividade no momento da data da presentación da solicitude da axuda.

Están incluídas as sociedades mercantís, as cooperativas, as asociacións e outras entidades con personalidade xurídica propia cuxa constitución estea documentada ou se exprese a vontade de creación mediante compromiso escrito explícito asinado por todas as partes. A maioría do capital social ou das participacións ten que ser propiedade de persoas emprendedoras, é dicir, que non tivesen actividade económica previa ou esta sexa anterior a 42 meses como máximo á data da solicitude.

No caso de que a entidade que vai desenvolver o proxecto emprendedor non estea aínda constituída, a solicitude da axuda poderá presentarse a nome das persoas físicas que vaian participar da futura entidade.

As persoas e as entidades interesadas poderán presentar máis dunha solicitude de axuda sempre que sexa para proxectos diferentes. En calquera caso, se todas as

axudas fosen concedidas, o importe total destas non poderá superar o máximo de 400 000 euros.

### **Entidades ás que están destinadas as axudas**

A todo tipo de entidade mercantil que desenvolva a súa actividade no sector da pesca e da acuicultura, da produción agrícola primaria, do turismo rural, da formación e o ensino a distancia, da creación de aplicacións para teléfonos móbiles e da instalación de equipos de uso doméstico ou industrial para a produción de enerxía termosolar.

### **Requisitos principais dos proxectos**

Serán subvencionables os proxectos emprendedores de nova creación ou de ampliación de pequenas empresas cun centro de traballo en Galicia que, na data da presentación da solicitude da axuda, non teñan máis de 42 meses de antigüidade.

Outros requisitos que deberán cumprir os proxectos son:

- Ser técnica, económica e financeiramente viables.
- Ser proxectos completos; é dicir, non serán subvencionables as fases de proxectos.
- Ningún dos custos incluídos na solicitude da axuda poderá estar realizado nin comprometido antes da presentación desta.

### **Cualificación requirida do proxecto**

Os proxectos serán avaliados de acordo co seguinte baremo xeral, ata 100 puntos:

- Ata 10 puntos por cada posto de traballo creado.
- Ata 10 puntos por investimentos superiores a 25 000 €.
- Ata 20 puntos por pertencer á modalidade de empresa innovadora ou de base tecnolóxica.
- Ata 20 puntos pola aplicación de medidas que inclúan a empresa dentro da chamada economía verde e circular.
- Ata 10 puntos no caso de que as persoas emprendedoras realizasen cursos ou programas formativos de xestión empresarial.
- Ata 20 puntos para as entidades mercantís que pertencen á categoría de economía social: cooperativas, sociedades laborais, sociedades agrarias, empresas de inserción e educación, fundacións e asociacións.



### **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

### **Tramitación**

A solicitude presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos. Ademais, as persoas interesadas deberán achegar, xunto á citada solicitude, a documentación que se indica a seguir:

- Unha memoria do proxecto, é dicir, unha descrición polo miúdo das características do proxecto que se vaia valorar, segundo o baremo indicado máis arriba.
- O informe de vida laboral das persoas participantes na entidade emprendedora.

Adaptación de bases publicadas no sitio web do Igape

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response to the A2 exam question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

